



## *Lecanora* Ach.

O xénero *Lecanora*, de ampla distribución, inclúe numerosas especies que poden vivir tanto nas codias (foto 1) como nas rochas (foto 2). As especies non son fáciles de identificar, pero o xénero é posible recoñecelo no campo.

Caracterízase por ter un talo crustáceo polo xeral de cores claras (foto 3, 4 cor branca). Apotecios con rebordo talino ou lecanorino (foto 3 a, cor branca), isto quere dicir que teñen un rebordo de cor similar ó talo, se o vemos ó microscopio contén células de algas (foto 5 d). O rebordo talino rodea o disco, a súa cor pode variar dependendo da especie (foto 4 b, cor marrón escura).

À foto 5 é un corte transversal dun apotecio lecanorino ó microscopio, consta de: epitecio (foto 5 a) liña castaña que percorre a superficie, por debaixo o tecio ou himenio (foto 5 b), por debaixo o hipotecio (foto 5 c) e a esquerda e a dereita (foto 5 d) o excípulo talico que correspóndese co rebordo talino.

As esporas son hialinas, elipsoidais e simples, é dicir, sen tabiques (foto 6).

